



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Lingua española	Código	652G04037	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es	
Profesorado	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Farase unha revisión dos componentes da lingua española orientada a complementar a formación lingüística dos estudos. Seleccionaranse os aspectos máis relacionados cos trastornos logopédicos, coa súa avaliación e intervención.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: fonética e fonoloxía, morfosintaxis, semántica, pragmática, sociolingüística.	A3		
Adquirir ou desenvolver habilidades comunicativas para a intervención.	A31		
Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo.		B2 B12 B17	C1
Saber expresarse en público.		B12 B17	
Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.		B1	
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B2	
Capacidade de análise e síntese.		B2 B7	
Aprender autónomamente, e motivarse para facelo de forma continuada.		B5 B22 B23	
Traballar de forma autónoma con iniciativa.		B22	
Traballar de forma colaborativa.		B23	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
I. Compoñente fonético e fonolóxico do español	Introdución á fonética e á fonoloxía do español. O sistema vocálico. O sistema consonántico.
II. Compoñente gramatical do español	Morfoloxía e sintaxe. Análise lingüística de trastornos implicados
III. Compoñente léxico-semántico do español	Análise lingüística de trastornos implicados
IV. Compoñente pragmático do español	Análise lingüística de trastornos implicados



## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3	15.5	40	55.5
Obradoiro	A31 B1 B2 B5 B7 B12 B17 B22 B23 C1	15	41	56
Actividades iniciais	B17 B22 B23	0.5	0	0.5
Atención personalizada		0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica. Agárdase que o alumnado se implique nestas sesións de forma participativa.
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías e probas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas sobre un tema específico co apoio e supervisión do profesorado.
Actividades iniciais	Exame dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita articular unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Sesión maxistral	<p>As prácticas dos obradoiros realizaranse cun seguimento personalizado por parte do profesor.</p> <p>Espérase que se faga uso das titorías para resolver dúbidas relacionadas cos materiais empregados ou coas actividades, coa información ou cos conceptos desenvolvidos nas aulas.</p> <p>Enténdese que a avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe e, por tanto, recoméndase que nas titorías se revisen os exercicios e o exame final despois da avaliación.</p> <p>As titorías poderán ser individuais ou en grupo. Poderanse levar a cabo persoalmente, mediante correo electrónico, foros do Campus Virtual, chamadas, videochamadas ou chat de Teams.</p> <p>A atención a estudantes con necesidades especiais abordarse desde esta perspectiva de atención individual, ben en titorías, ben na aula. Se é conveniente, adaptaranse as metodoloxías e deseñaranse actividades especiais.</p> <p>O alumnado con dispensa académica ou con medidas de apoio á diversidade está especialmente invitado a empregar as titorías.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Obradoiro	A31 B1 B2 B5 B7 B12 B17 B22 B23 C1	Durante o curso realizaranse actividades variadas relacionadas cos contidos do temario e a súa aplicación práctica. Estas actividades serán obxecto de avaliación. Valoraranse a capacidade de análise, a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica e a adecuada resolución de problemas, así como a precisión terminolóxica e a claridade e corrección da explicación e da argumentación.	100
-----------	---------------------------------------	---	-----

## Observacións avaliación

- A maior parte das actividades realizarase na aula. As actividades que se desenvolvan nas clases só se poderán entregar na sesión en que se realicen.
- Só se aceptarán actividades que se entreguen no prazo e forma establecidos en cada caso.
  - Por norma xeral, as actividades entregaranse no Campus Virtual.
- O/a estudante comprométese a gardar unha copia de cada traballo, en previsión de problemas na recepción.
- As actividades deben cumprir as esixencias de corrección lingüística propias destes textos (ortografía, puntuación, precisión léxica, rexistro formal, discurso coherente e cohesionado etc.).
- Calquera falta de honradez académica (plaxio, entrega de material non elaborado polo/a estudante, copia etc.) dará lugar á aplicación do estipulado nas «Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario» e no «Regulamento disciplinar do estudiantado da Universidade da Coruña». O/a estudante será cualificado/a con «suspenso» (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. As actividades poderán ser sometidas a unha revisión mediante aplicacións informáticas de detección de plaxio ou de uso de intelixencia artificial.
- Calificarase como non presentado a quen entregue 3 ou menos actividades.
- Na segunda edición de actas (segunda oportunidade) poderanse recuperar todas as actividades coa mesma ponderación que na primeira edición. As actividades serán substituídas por tarefas que se publicarán e entregarán a través do Campus Virtual.
- En convocatoria adiantada emplearanse os mesmos instrumentos de avaliación coa mesma ponderación. As actividades do obradoiro serán substituídas por tarefas que se publicarán no Campus Virtual. O alumnado que se acolla a esta modalidade debe contactar con antelación suficiente co profesorado da materia.
- Estudantes a tempo parcial con dispensa académica de asistencia ás clases recoñecida: realizarán actividades alternativas aos obradoiros. Deben contactar co profesorado responsable da materia.
- Alumnado que precise medidas de apoio á diversidade ou con modalidades específicas de aprendizaxe: aplicarase o mesmo sistema de avaliación, coas adaptacións e flexibilidade que requira cada caso. Deberán contactar coa Unidade de Atención á Diversidade da UDC.
- Alumnado erasmus e de intercambio: recoméndase un nivel de español equivalente a B1 ou superior para cursar esta materia.

## Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Gallardo Paúls, Beatriz (2007). Pragmática para logopedas. Cádiz: Universidad de Cádiz</li><li>- Gallardo Paúls, Beatriz y Montserrat Veyrat Rigal (eds.) (2004). Lingüística y patología. Valencia : Universitat de València</li><li>- Garayzábal, Elena (2006). Lingüística clínica y logopedia. Madrid: Machado Libros</li><li>- Hidalgo Navarro, Antonio y Mercedes Quilis Merín (2012). La voz del lenguaje: Fonética y fonología del español. Valencia: Tirant</li><li>- Martínez Celdrán, Eugenio y Ana María Fernández Planas (2007). Manual de fonética española. Articulaciones y sonidos del español. Barcelona: Ariel</li><li>- Moreno-Torres Sánchez, Ignacio (2004). Lingüística para logopedas. Málaga: Ediciones Aljibe</li><li>- Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2010). Nueva gramática de la lengua española. Manual. Madrid: Espasa Calpe</li><li>- Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2011). Nueva gramática de la lengua española. Fonética y fonología. Barcelona: Espasa</li></ul> <p>No Campus Virtual da UDC inserirase material necesario para o axeitado seguimento da materia.No Campus Virtual da UDC inserirase material necesario para o axeitado seguimento da materia.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

&lt;p&gt;Adaptación&lt;/p&gt;&lt;p&gt;A materia poderase adaptar a estudantes con discapacidades, que non teñan un nivel de español similar ao do nativo ou que por calquera motivo necesiten alguna modificación en calquera dos aspectos reflectidos nesta guía docente. Prégase aos interesados que se poñan en contacto co profesor ou co seu titor.&lt;/p&gt;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías